



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 30)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. Leticia Rodríguez Díaz

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **doce de agosto de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Secretaria-Interventora D^a. Leticia Rodríguez Díaz, e asiste como Interventora D^a Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Asisten telemáticamente o Presidente don José Tomé Roca, o Deputado don Pablo Rivera Capón, e as Deputadas dona M^a del Pilar García Porto e dona Mayra García Bermúdez, manifestando que se encontran en territorio español.

Non asisten a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, o deputado don Xosé María Arias Fernández, e a deputada dona Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de agosto de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE PROXECTOS DO PLAN ÚNICO 2022.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do concello de Castro de Rei, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Castro de Rei no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	40	REXENERACIÓN E PAVIMENTACIÓN ACCESOA A RAMIL, BALMONTE, VILADONGA, GOBERNO, OUTEIRO, BAZAR, STA LOCAIA, ORIZON, MONDRIZ, DUMPIN, DUARRÍA, A RIBEIRA, BENDIA, MOS E TRIABÁ, INCLUÍDO HONORARIOS	51.605,11€	225.127,67€	276.732,78€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Castro de Rei a través de escrito con RE nº 2022RT010887 de data 01/08/2022 solicita:

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 40, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica "... por quedar deserta a licitación, procedendo a actualizar os prezos,...", polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	40	MODIFICADO REXENERACIÓN E PAVIMENTACIÓN ACCESOA A RAMIL, BALMONTE, VILADONGA, GOBERNO, OUTEIRO, BAZAR, STA LOCAIA, ORIZON, MONDRIZ, DUMPIN, DUARRÍA, A RIBEIRA, BENDIA, MOS E TRIABÁ, INCLUÍDO HONORARIOS	91.584,11€	225.127,67€	316.711,78€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Castro de Rei que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Castro de Rei, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	40	MODIFICADO REXENERACIÓN E PAVIMENTACIÓN ACCESOA A RAMIL, BALMONTE, VILADONGA, GOBERNO, OUTEIRO, BAZAR, STA LOCAIA, ORIZON, MONDRIZ, DUMPIN, DUARRÍA, A RIBEIRA, BENDIA, MOS E TRIABÁ, INCLUÍDO HONORARIOS	91.584,11€	225.127,67€	316.711,78€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do concello de Castroverde, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Castroverde no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTROVERDE	45	ARRANXO DE CAPA DE RODADURA DE VARIOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN ABELLEIRA, ARRUBIAL, PEREIROÁ E OUTEIRO, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00€	48.793,03€	48.793,03€

4. O concello indicado achegou o correspondente anexo III no que consta a baixa producida na adxudicación do investimento.

5. A Alcaldía do Concello de Castroverde a través de escrito con RE nº 2022RT010943 data 02/08/2022 solicita:

- a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 45, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “...detectouse unha forte socavación e desgaste da plataforma no tramo que conta con maior pendente debido á acción das augas de escorrentía superficial e ó tránsito de maquinaria pesada que explota as fincas colindantes...” polo que deseguido se indica, que non supón variación orzamentaria, e demais documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTROVERDE	45	MODIFICADO ARRANXO DE CAPA DE RODADURA DE VARIOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN ABELLEIRA, ARRUBIAL, PEREIROÁ E OUTEIRO, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00€	48.793,03€	48.793,03€



6. A base 16, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”.

Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Castroverde que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Castroverde, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTROVERDE	45	MODIFICADO ARRANXO DE CAPA DE RODADURA DE VARIOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN ABELLEIRA, ARRUBIAL, PEREIROÁ E OUTEIRO, INCLÚIDO HONORARIOS	0,00€	48.793,03€	48.793,03€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo ao Club Emeve co obxecto de colaborar na actividade: “Copa de S.M. a Raiña”, ano 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:



“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Club Emeve para sufragar os gastos derivados da actividade: “Copa de S.M. a Raíña”, durante a anualidade 2022, polo importe de 25.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

2. Existencia de convenio canalizador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.

3. Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

4. Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

5. Informe do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2022 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1c que leva por título “Deportes” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020 – 2022 de data 2 de abril de 2020, e a súa

actualización aprobada por acordo da Xunta de Goberno Provincial de venres 4 de febreiro de 2022.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.000,00€, a favor da entidade Club Emeve para sufragar gastos derivados da actuación “Copa de S.M. a Raíña”, anualidade 2022, subvención incluída na liña 12.1c que leva por título "Deportes" da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 25.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor da entidade Club Emeve, para sufragar gastos derivados da actuación “Copa de S.M. a Raíña”, anualidade 2022.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN, POR RENUNCIA, DA AUTORIZACIÓN DE USO DOS HORTOS URBANOS DO RÍO RATO NÚM. 33 E 73.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“O Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020 establece os requisitos e condicións que rexen o uso e funcionamento dos Hortos urbanos do Parque do río Rato e de Paradai.



Con data 13 de novembro de 2020 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos e Hortos urbanos de Paradai (1ª fase).

O día 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación dos Hortos urbanos do río Rato ás persoas ou entidades que ata a data eran usuarios dos Hortos do Rato ou de Paradai, na que D.^a M^a José Gil Crespo obtivo a autorización de uso do Horto nº 33.

O día 10 de maio de 2022 D.^a M^a José Gil Crespo presenta escrito de renuncia ante a Deputación de Lugo no que solicita literalmente:

“Tramiten la renuncia al huerto adjudicado”

Con data 26 de marzo de 2022 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª fase).

O día 11 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª fase) para *novos usuarios*, no que D. Luís Quintana Bernardo obtivo a autorización de uso do Horto nº 73.

Vista a renuncia presentada por D. Luís Quintana Bernardo que di literalmente:

*“Luís Quintana Bernardo, con DNI ***2274** e domicilio a efectos de notificación en Avda Vilaverde, 27, 6ºD 27002 Lugo*

Renuncio voluntariamente ao uso do horto urbano do parque do Río Rato núm. 73 por motivos persoais.”.

Tendo en conta que o Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) establece no seu apartado XVIII os motivos polos cal se pode perder a condición de usuario da horta, entre a que se atopa:

“ a) Renuncia ou baixa voluntaria mediante escrito presentado no Rexistro da Excma. Deputación de Lugo, informando previamente aos xestores da actividade.

(...)”

Tendo en conta que se notificou a D. Luís Quintana Bernardo mediante correo postal, recibido o 30/06/2022, do inicio do procedemento de revogación da Autorización de uso do Horto nº 73, tal como figura no expediente, informándoo do inicio do procedemento e de que se lle outorgaba un prazo de 10 días para alegar cantos feitos considerase, finalizando o prazo sen haber recibido alegacións pola súa parte.

Tendo en conta que se notificou a D^a. M^a José Gil Crespo, mediante notificación electrónica, rexeitada o 08/07/2022, do inicio do procedemento de revogación da Autorización de uso do Horto nº 33, tal como figura no expediente, na cal se lle informaba do inicio do procedemento e de que se lle outorgaba un prazo de 10 días para alegar cantos feitos considerase, finalizando o prazo sen haber recibido alegacións pola súa parte, e continuando coa tramitación do procedemento.

Vistos os informes emitidos polo Servizo de Medio Ambiente con CSV-IV7DG7DODVRP5PWDYROG6M7TKQ e CSV- IV7DG7DPAH56RW736B4R5ZRG4Q sobre o cumprimento das condicións para proceder a tramitación da revogación da Autorización de uso.

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, proponse á esta Xunta de Goberno:

1º.- A aceptación da renuncia de D^a. M^a José Gil Crespo e de D. Luís Quintana Bernardo á adxudicación dos Hortos urbanos do río Rato nº 33 e nº 73 respectivamente.



2º.- A revogación, por parte da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da Autorización de uso do Horto nº 33 no río Rato concedida a D^a. M^a José Gil Crespo, e por tanto a perda da súa condición de usuaria dos Hortos urbanos do río Rato, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

3º.- A revogación, por parte da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da Autorización de uso do Horto nº 73 no río Rato concedida a D. Luís Quintana Bernardo, e por tanto a perda da súa condición de usuario dos Hortos urbanos do río Rato, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

8.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.